

Federación Galega de Espeleoloxía

Material necesario

@s participantes virán equipad@s co seu material tanto persoal como colectivo completo de barrancos: traxe de neopreno completo, casco, calzado adecuado, e o material de progresión vertical, tanto individual como colectivo.

Para a pernocta hai varias opcións:

- Albergue de Folgoso (prazas limitadas)
- Camping de Seoane
- Xusto pasando Folgoso existe tamén unha área de estacionamento que pode ser boa opción para @s que pernocten en furgó ou similar.

Inscripcións

Hai só 50 prazas dispoñibles así que serán outorgadas por rigorosa orde de inscrición vía mail (ver apartado "REGULAMENTO").

No baixo do concello de Folgoso teremos unha mesa para recepción d@s inscrit@s na que se vos agasallará cun obsequio de benvida.



XXIX CAMPAMENTO GALEGO de DESCENSO de CANÓNS

Folgoso do Courel
9 - 10 de novembro



Concello
de Folgoso
do Courel



Xeoparque Mundial da UNESCO



Campamento galego

Regulamento

Será imprescindible ser maior de idade e ter licencia ou seguro que cubra na actividade de barranquismo ou descenso de canóns.

O prazo de inscrición finalizará o día 4 de Novembro.

A inscrición realizarase mediante envío por mail á dirección m.carames@hotmail.es da seguinte información:

Nome completo e DNI, data de nacemento, tipo de licencia federativa ou seguro que cubra a actividade, clube ao que se pertence e unha pequena descrición da experiencia en barranquismo ou formación de que se dispón. Tamén se achegará a este mail o recibo de pagamento da cuota de inscrición.

O prezo será:

-Federados CEC: 20€

-Resto de participantes: 40€

Ingresarase na conta [ES51 3070 0045 1262 2747 4324](https://www.espeleologia.com/ES5130700045126227474324) da Federación Galega de Espeleoloxía, co concepto "inscrición campamento canons" seguido do nome e apelidos d@ interesad@.

Este prezo da dereito a participar nos talleres, conferencia, cea (restaurante Mirador, mesmo en Folgoso), sorteo e agasallos así como desfrutar de remontes a algúns dos canóns durante a xornada do sábado.

Unha vez alí será necesario que os participantes comuniquen á organización o seu planing de actividade para evitar masificación nos ríos e verificar os horarios de remonte.

Os talleres terán un máximo de 16 prazas que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición na mesma mesa de recepción. Serán completamente prácticos e en exterior, polo que se aconsella roupa adecuada (é Novembro) e frontal (ás 18 será noite).

A organización non se responsabiliza de posibles accidentes.

Calquera outra situación ou dúbida non prevista neste regulamento será resolta pola organización.

Programa de actividade

Sábado 9 de Novembro

-10:00-13:00: Recepción de participantes.

-10:00-15:00: Remontes aos canóns do Carballido.

-17:00-19:30: Talleres simultáneos, a escoller:

A) Reunións desembragables.

B) Pasamáns e desviadores recuperables.

-20:00-21:00: Conferencia "Xeoloxía de canóns e barrancos", por Daniel Ballesteros, Doutor en Xeoloxía, espeleólogo e amigo, membro do Comité científico do Xeoparque Mundial UNESCO Montañas do Courel.

-21:30: Cea de confraternidade no restaurante "Mirador".

Domingo 10 de Novembro

-9:00: Inicio de actividades.

-14:00: Clausura do campamento e despedida.

Durante o campamento poderase desfrutar dos stands que monten os sponsors deste evento na zona de parking do concello de Folgoso.

Ademais, durante todo o campamento haberá un buzón de suxerencias para a Escola Galega de Espeleoloxía e outro para a Federación Galega de Espeleoloxía.

Tamén estarán á disposición d@s inscrit@s un dos Representantes de Deportistas e o Representante de Técnicos da Federación Galega de Espeleoloxía.

Lugares de interese

As montañas do Courel son un maravilloso lugar onde calquera poderá desfrutar dunha morea de actividades e curiosidades que visitar.

www.folgosodocourel.es

<https://www.courelmountains.es/>